

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Convocatoria e Bases proceso selectivo lista de espera profesorado Conservatorio Profesional de Música

ANUNCIO

Expediente 2019/X999/000759

Mediante o Decreto 370/2019, do 6 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos, resolveu convocar o proceso selectivo para a xeración dunha lista de espera coa que dar cobertura ás vacantes do Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez e, para tal efecto, aprobou as seguintes

"BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A XERACIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA COA QUE DAR COBERTURA ÁS VACANTES DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-

1.- Obxecto.

O obxecto da convocatoria é a selección de candidatos para integrar unha lista de espera coa finalidade de dar cobertura ás posibles vacantes nas disciplinas, e coas titulacións, que de seguido se relacionan:

- 1 profesor de linguaxe musical
- 1 profesor de harmonía e piano complementario
- 1 profesor de percusión
- 1 profesor de guitarra
- 1 profesor de piano
- 1 profesor de frauta traveseira
- 1 profesor de clarinete
- 1 profesor de saxofón
- 1 profesor de vento-metal
- 1 profesor de violín
- 1 profesor de violonchelo

2.- Modalidade de contratación.

Mediante contrato de interinidade ou de acumulación de tarefas, segundo proceda, ao abeiro do establecido no artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na redacción dada polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e demais normas de aplicación. En canto á xornada de traballo, o "I Convenio Estatal de Enseñanza y Formación no Reglada" establece que o módulo semanal de referencia é de 34 (trinta e catro) horas semanais.

3.- Retribución.

A remuneración será establecida atendendo á dotación contemplada no orzamento municipal vixente en cada intre.

4.- Sistema de selección.

A través do sistema de concurso de méritos.

5.- Requisitos dos aspirantes.

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- b) Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.

c) Posuír a titulación esixida en cada caso pola lexislación vixente. Título Superior na especialidade correspondente (LOXSE), título de Profesor Superior, ou de Profesor, na especialidade correspondente (Plan 1966) ou título Profesional na especialidade correspondente (1942).

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.

e) Non estar incurso nas causas de incapacidade que determina a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

g) Estar en posesión da seguinte titulación de lingua galega: Celga 4 ou equivalente.

h) Tódolos requisitos anteriores deberán de terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse a documentación no expediente instruído.

6.- Presentación de solicitudes.

As instancias de participación, dirixidas ao señor Alcalde do concello das Pontes, presentaranse no Rexistro Xeral do concello, en horario de oficina, durante o prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán tamén remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante fax ao número: 981453185.

Modelo de instancia: As persoas aspirantes terán á súa disposición un modelo de instancia, que poderán solicitar persoalmente ou descargala da páxina web do concello (aspontes.org).

Así mesmo, farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 5ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou documento recoñecido en vigor.

- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo o establecido nestas bases, en orixinal ou fotocopia cotexada por fedatario público ou por funcionario competente, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non se aleguen e non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. A vida laboral por si mesma non acredita a índole dos servizos prestados, polo que debe acompañarse dalgún documento que acredite dito extremo.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios da Corporación a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, concedendo un prazo de emenda de defectos de cinco días naturais. Rematado o mesmo, publicarase a lista definitiva, así como a composición da Comisión Cualificadora.

7.- Tribunal Cualificador.

O Tribunal estará formado por un/ha Presidente/a, Secretario/a e 3 vogais, designándose un suplente para cada unha das persoas integrantes. O Secretario/a será persoal funcionario. Nomearanse como asesor/es deste aos profesores do Conservatorio Municipal que se determine/n.

Tódolos membros de dito Tribunal terán voz e voto nas deliberacións do mesmo.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Concellería Delegada pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP). Todos os vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co establecido no artigo 24 da mencionada lei.

8.- Criterios de selección.

Fase de concurso:

De acordo coa lexislación vixente, o procedemento de selección consistirá nunha valoración dos méritos dos aspirantes a tenor da documentación aportada; e as titulacións serán as recoñecidas pola Administración española; dita valoración abranguerá o expediente académico e profesional debidamente avaliados pola comisión cualificadora e conforme ó seguinte baremo:

A. Servizos prestados no ensino da música como profesor:

Traballo en conservatorios de música: 0,08 puntos por mes, ata un **máximo de 2 puntos**.

Traballo en escolas de música: 0,04 puntos por mes, ata un **máximo de 1 punto**.

B. Cursos, cursiños, xornadas na área musical e afíns.

Computaranse os diplomas de cursos, cursiños, xornadas, etc. que estean outorgados pola Administración, a razón de 0,01 puntos por hora, ata un **máximo de 2 puntos**.

C. Concertos, concursos e publicacións na área musical e afíns.

Por concertos: 0,01 puntos por concerto ata un **máximo de 1 punto**.

Por premios en concursos: 0,5 pts por primeiro premio en concurso internacional ou nacional e 0,2 por calquera outro ata un **máximo de 2 puntos**.

Por publicacións: ata un **máximo de 2 puntos**.

9.- Acreditación da competencia na lingua galega.

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido na base 5ª (Celga 4 ou equivalente), ou que non estean en condicións de acreditarlo documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega.

A proba será determinada pola Comisión Cualificadora, consistindo nunha tradución directa ou inversa dun texto durante o período máximo de quince minutos. Os aspirantes serán, no seu caso, convocados expresamente para a súa realización.

Esta proba cualificará ás persoas aspirantes como APTAS ou NON APTAS. As persoas que non obteñan a cualificación de APTAS quedarán eliminadas do proceso selectivo, dado que non cumpren un dos requisitos esixidos para poder participar.

10.- Proposta do Tribunal e lista de espera.

O Tribunal propondrá unha lista de espera por especialidades e por orde decrecente de puntuación. Poderá ser tida en conta, se é o caso e polo período de tres anos, de producirse calquera baixa do profesorado que afecte á marcha normal do centro: maternidade, baixa médica ou calquera outra de análoga natureza. O funcionamento da lista é o seguinte: producida a baixa, emitirase informe polo Sr. Director do centro sobre a índole da mesma e a necesidade de contratación, á vista do cal o Concelleiro Delegado emitirá o correspondente Informe. Cada especialidade é independente das demais, polo que se xerarán tantas listas como especialidades constan na base primeira.

Sobre as listas xeradas a través da presente convocatoria prevalecerán as que estiveran vixentes en virtude de anteriores convocatorias, e soamente no caso de esgotarse ou rematar o termo daquelas comezará a vixencia das presentes.

11.- Presentación da documentación.

Os aspirantes seleccionados deberán de presentala documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na base 5ª no prazo de 5 (cinco) días hábiles, a contar a partir do día seguinte ó da notificación da proposta de contratación.

12.- Reclamacións e recursos.

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante este no prazo dos tres días seguintes ao de ser publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc., efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado no artigo 121 e ss. da LPACAP, no prazo dun mes, perante o Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos.

Contra a Resolución do Concelleiro Delegado de nomeamento do aspirante seleccionado, lista de espera, etc, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o devandito Concelleiro no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña aquel o seu domicilio.

13.- Impugnación.

As presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.- Norma final.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

SEGUNDO.- Publicar o texto íntegro das referidas Bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do concello das Pontes.

TERCEIRO.- Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno. No caso de ter interposto recurso de reposición, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que estea resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso interposto."

As Pontes de García Rodríguez, 7 de marzo de 2019

José Álen Álvarez

Concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno

e Recursos Humanos

2019/1831



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS

DATA PUBLICACION CONVOCATORIA : BOP 12/03/2019

I.- DATOS DA PRAZA

DENOMINACION : LISTA DE ESPERA DE PROFESOR CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA. Disciplina (**deberá consignarse a disciplina ou instrumento a que se presenta**):

DISCIPLINA OU INSTRUMENTO:

II.- DATOS PERSOAIS

D/a....., con DNI número,
teléfono, correo electrónico
..... e domicilio para os efectos de notificacións
en,
CP:,

EXPOÑO:

1º) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria (Base número 5) e achego a documentación exisida.

Así mesmo manifesto que me foi recoñecida unha discapacidade, polo que solicito a adaptación que se achega polos motivos que se expresan (En folio á parte especificaranse os motivos da discapacidade e as adaptacións que solicita, cando proceda).

2º) Que me comprometo, no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e tomar posesión, no seu caso, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas citadas bases.

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

As Pontes de García Rodríguez, de de 2019

(Asdo)

De conformidade coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan na presente instancia serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia española de protección de datos, do cal é responsable o concello das Pontes de García Rodríguez e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixíndose ao Rexistro Xeral do concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal, s/n, As Pontes.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

